

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP A POBRA DE BROLLÓN

Informadas polo Claustro de profesores:24/01/2018

Avaliadas polo Consello Escolar:29/01/2018

Aprobadas pola Dirección:30/01/2018

Remisión para inspección: 09/04/2018

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN.

2.XUSTIFICACIÓN.

2.1.Principios básicos para un Plan de Convivencia.

2.2. Fins do Plan de convivencia

3.SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

4.OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE DO CENTRO

6. ACTUACIÓNS MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

6.1 Preventivas

6.2 Sensibilización cara a prevención do acoso escolar

6.3 De carácter organizativo

6.4Formativas

6.5 Outras actividades dirixidas ao alumnado

7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN. E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.

8. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

7.1 Dereitos e Deberes dos sectores da Comunidade Educativa

7.2 Condutas graves contrarias as normas De convivencia.

7.3 Medidas correctoras

7.4 Principios a ter en conta para a aplicación

7.4 Condutas leves contrarias ás normas de convivencia.

7.4 Medidas correctoras

9. ACTUACIÓN DO CENTRO E DOS DISTINTOS RESPONSABLES

10. .AVALIACIÓN.

1.- INTRODUCCIÓN

Os cambios no ámbito social con novos patróns familiares e delegación de funcións na escola xunto co incremento progresivo dun alumnado procedente de etnias e culturas diversas, sitúan á escola e ao profesorado na necesidade de asumir novos roles, cambiar estratexias metodolóxicas e modificar unha liña educativa centrada na homoxeneidade por outra centrada na atención á diversidade.

Nembargantes, o tratamento da conflictividade non é exclusiva dos centros escolares senón que afecta a toda a comunidade educativa. Ao profesorado, polas condutas disruptivas, falta de respecto e disciplina; ao alumnado, centrado no maltrato entre iguais e o illamento; ao contorno social, preocupado polas agresións e actos vandálicos. Así pois, afrontar e encauzar positivamente os conflitos só pode acadarse co concurso e a participación de todos.

Dende o centro o enfoque da convivencia ten que ter unha visión constructiva polo que as actuacións irán encamiñadas a promover o crecemento integral da persoa, o desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor, previr e crear actitudes positivas para os demais, resolver os conflitos a través do diálogo e da prevención de problemas de conduta.

Entendemos a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe e trataremos de desenvolver contidos que contribúan á formación do alumnado. Pretendemos desenvolver nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social, aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán pero a prevención contribúe a reducilos.

2.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A **Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, na *Exposición de motivos*, propón o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios

democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, sinalándoo como un dos fins do sistema educativo.

Así mesmo no seu **artigo 121** sinala que o Proxecto Educativo de Centro incorporará un Plan de Convivencia. Deste xeito considérase imprescindible traballar a convivencia e a interacción social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos. É de salientar a súa repercusión na mellora da calidade educativa no centro, concretamente na mellora do clima que debe presidir as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa.

O **artigo 124** de dita ley fai referencia as normas de organización e funcionamento, este artigo modifícase no **punto 78** da **LOMCE** pasando a chamarse “*Normas de organización, funcionamento e convivencia*” e sinala que os centros elaborarán un plan de convivencia que será incorporado na PXA.

Neste Plan de Convivencia recóllense como se sinala no artigo anteriormente citado as actividades para fomentar un bo clima de convivencia dentro do noso centro e o procedemento de actuación e intervención (medidas) no caso de que incumplan as normas de convivencia e conducta do centro.

A **Lei Orgánica 8/1985 reguladora do dereito á educación (LODE)**, sustenta a formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais dentro dos principios democráticos de convivencia.

O **Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia nos centros** apunta que na educación transmítense e exercítanse valores que fan posible a vida en sociedade, adquirindo hábitos de convivencia e respecto mutuo.

Tanto no **Decreto 130/2007, do 28 de xuño**, coma no recente **Decreto 105/2014, do 15 de setembro**; polos que se establecen os currículos da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recollen no Artigo 3º: *Os obxectivos da*

educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.

LEY 4/2011, de 30 de junio, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu título terceiro, estruturado en tres capítulos, que establece as normas básicas de convivencia dos centros docentes.

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

O título II, que se denomina «A convivencia nos centros docentes», conta con dous capítulos. No primeiro indícanse os axentes responsables da convivencia e créase o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa, no que se refire á convivencia escolar.

No segundo capítulo do título II, establécense os documentos e recursos complementarios sobre convivencia escolar, defínese o obxecto, os fins e os principios do plan de convivencia, os obxectivos xerais e a súa estrutura.

2.1. Principios básicos para un plan de convivencia.

- Entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de maneira asertiva, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade mutua.
- Partimos de que un bo plan de convivencia ten que deseñarse sobre obxectivos preventivos.
- Entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfronta un conflito é máis importante co conflito mesmo.
- Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o troco.
- Partimos da autoridade e o respecto como dous piares fundamentais que facilitan a convivencia no noso centro.

2.2 Os Fins do Plan de Convivencia

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo entre todos os sectores da comunidade educativa.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas e ficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN. DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

O CEIP de Pobra de Brollón está situado na zona sur da provincia de Lugo, na localidade da Pobra do Brollón, a cincocentos metros da capitalidade municipal , un concello rural do interior de Galicia.

A maioría das familias, das que procede o alumnado, adícanse á agricultura e gandería, Complétase o medio de vida destas familias no sector servizos e un pequeno grupo de profesións liberais e autónomos.

Facemos fincapé na merma que sofre a poboación a nivel xeral, con núcleos de poboación moi dispersa que envellece a ritmos axigantados e emigra ós núcleos urbanos máis próximos. O índice de natalidade é cada vez máis negativo. Consecuencia disto a baixa matrícula no centro como na maioría dos concello rurais que están a sufrir despoboamento, o que fai que para moitos nen@s deste

concello o colexio ademáis de ser o lugar de desenvolvemento das aprendizaxes, sexa tamén o punto de encontro cos demáis nen@s do concello.

A relación das familias co Centro é fluída. As familias participan nunha porcentaxe alta nos festivais e naquelas actividades para as que son convocadas. Preocúpanse pola vida do centro, a confortabilidade aínda que é escasa a participación nas actividades de xestión e representación do Centro, tanto a nivel de candidaturas como en votacións para a elección dos seus representantes no Consello Escolar. Está constituída a ANPA, da que forman parte a maioría das familias que mantén unha relación fluída co centro.

Os alumnos manteñen en xeral unha boa relación entre sí, aínda que nalgúns grupos existen certas dificultades para manter bo un clima, detectando certa susceptibilidade e pouca cooperación entre eles. A relación cos mestres tamén acostuma a ser fluída. Senten preocupación polos temas relacionados coa ecoloxía e a paz, e manifestan certa preocupación polo futuro que lles agarda.

A lingua dominante do alumnado é a Lingua Galega. Só unha porcentaxe moi insignificante ten o castelán como lingua habitual de relación, se ben comprenden o galego na súa totalidade.

Mención aparte merece un sector dos nosos alumnos que procede dun centro de acollida de menores dependente da Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Este centro está rexido por dous membros dunha comunidade relixiosa, e un grupo de profesionais que traballan no centro (Coidadores, Asist. Sociais...) que os atenden durante as horas en que os nenos non están no colexio e que fan as funcións de titoras e representantes legais no centro. Este grupo de alumn@s presenta unha problemática familiar moi peculiar, caracterizada por abandonos dos pais, familias relacionadas coa prostitución, malos tratos, etc. Isto motiva que, incluso nalgúns casos, os nenos/as teñan que permanecer durante os períodos de vacacións escolares no centro de acollida. Lóxicamente e, a pesares de que estas dúas relixiosas están a facer unha labor orientada a encher o espazo falto de afectividade ademais do seu coidado, observamos nestes alumnos unha grande demanda de agarimo e atención, que se traduce nalgúns casos en condutas agresivas, e case sempre amosan unha falta de motivación cara o estudio, o que

leva a retrasos escolares considerables.

O obxectivo máis importante que nos plantexamos cara a este alumnado é o de conquistar para eles unha integración social sen atrancos e en igualdade de condicións cos demais. É importante resaltar que a actitude en xeral do resto do alumnado respecto a estes nenos/as é moi positiva.

O CEIP da Pobra do Brollón cubre as etapas de Educación Infantil e Primaria (catro Unidades, unha de Infantil e 3 de primaria, nas que están escolarizados un total de 40 alumnos e alumnas) e acolle, polo tanto, un alumnado de diversa procedencia socioeconómica e cultural. Esta circunstancia debe ser motivo para, actuando preventivamente, abordar a superación de estereotipos e prexuízos e fomentar o respecto, a tolerancia e a cooperación.

Os puntos críticos que se identifican como susceptibles de maior risco para a manifestación de conductas problemáticas son:

- O patio nos momentos de recreo e tempo libre despois do xantar.
- As entradas e saídas do centro e das aulas.
- Os cambios de aula ou de materia.
- Nalgunhas ocasións conductas disruptivas nas aulas, provocadas por un baixo número de alumnado con situacións persoais peculiares: alumnado procedente da casa de acollida, outro diagnosticado de hiperactividade ou outras circunstancias

En todo caso, tanto estas situacións, focos susceptibles de conflictividade, como a aparición doutras no día a día, lévanos a traballar en varios ámbitos: na prevención da aparición de conflitos, na súa xestión e resolución así como na mellora continua da situación actual 'para crear no centro un contexto no que se garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia.

A convivencia no noso centro educativo está presente, ademais de neste documento, no proceso de ensino-aprendizaxe reflectido nas programacións de aula, no Plan de Acción Titorial e nas Normas de organización, funcionamento e convivencia. O traballo coordinado do equipo docente será importantísimo, establecendo as normas co grupo desde o inicio do curso, as medidas que se tomarán como sancións e como reforzos positivos. As decisións tomadas serán transmitidas ás familias, para que coñezan e apoiem nas casas as normas que se traballen no centro.

O Presente Plan de convivencia supón a análise e valoración dos documentos do centro:

A) O PE: Coñecido o marco xeral, recollemos no PE os propósitos que persigue como institución, prantexámonos un estilo de formación:

* Baseado no pluralismo e no respecto ós valores democráticos, creando no neno un respecto cara ás distintas ideoloxías, de xeito que se forme os seus propios criterios e analice a realidade para tomar decisións responsables.

* Que contemple a convivencia entre as persoas de distintos sexos, capacidades, razas e relixións.

* Orientada á igualdade de oportunidades e ó acercamento entre tódolos estamentos para conquistar tal fin.

* Que fomente a creatividade, a solidariedade e a cooperación.

* Inmerso na realidade cultural de Galicia, promovendo o seu desenvolvemento e coñecemento.

B). As Programacións respecto do desenvolvemento das competencias clave e da metodoloxía.

As programacións axústanse a Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que o noso alumnado aprenda a desenvolverse desde con determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

C). A acción tutorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia. A través dela, o profesorado pode dispoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a sí mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións.

D). O Plan de Orrientación

E). O Plan de Atención á Diversidade.

F). A Programación Xeral Anual

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA. Decreto 8/2015 Art. 12

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais

5. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.
- Potenciar conductas non violentas e de diálogo como medio de resolución de conflitos.
- Fomentar a implicación das familias, na transmisión de valores e na participación en diversas actividades.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos nas actividades do centro.
- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.
- Priorizar a educación en valores de entre os demais contidos do currículo de forma habitual durante o desenvolvemento das actividades.
- Prever unha atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daqueloutro alumnado que padece as súas consecuencias.
- Fomentar a acción titorial como instrumento para desenvolver a convivencia.
- Promover o uso axeitado das Novas Tecnoloxías.

6. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE DESENVOLVEN PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

Actuacións preventivas e para a detección da conflitividade Art. 21

- ✓ Preparación ante situacións nas que poidan xurdir conflitos:
- ✓ Adaptación ao ingreso no centro.
- ✓ Acollida do alumnado estranxeiro ou de incorporación tardía.
- ✓ Plan de adaptación para o alumnado de infantil. (Recóllese na PXA do centro).

- ✓ Xornada de portas abertas no curso anterior para as familias e o alumnado de tres anos. Nesta reunión entrégase un tríptico ás familias no que figuran os servizos do centro, e as normas básicas.
- ✓ As familias e alumnado son recibidos polo mestre titor, a directora e a Orientadora. Nunha sesión de unha hora aproximada, a directora ensínalles o centro ás familias e explícalles as normas de uso, e xerais do centro mentres o alumnado xoga na aula de infantil. Na segunda sesión doutra hora aproximada reúnese o titor de infantil coas familias para falar das normas xerais da aula mentras o alumnado ten unha sesión de contacontos na biblioteca. Posteriormente realizan un recreo de media hora aproximadamente tod@s xuntos pero que non coincida co recreo xeral do centro.
- ✓ Reunión Xeral cada inicio de curso, coa Dirección do centro no que se entrega un tríptico, co calendario escolar, horarios, servizos e as normas xerais do centro. Nesta reunión danse pautas xerais sobre a importancia de traballar todos nunha mesma dirección, explícanse os proxectos para do curso, anímase ás familias a estar moi pendentes d@s seus fill@s, a escoitalos, a vir polo centro, a participar e colaborar para traballar conxuntamente.
- ✓ Reunión cada inicio de curso do titor co seu grupo aula donde se explican as normas xerais da aula, como se vai desenvolver o proceso de ensino aprendizaxe e os criterios de avaliación e promoción.
- ✓ Entrevistas individuais dos titores coas familias cada inicio de curso, e ao longo do curso.
- ✓ Acollida para o alumnado e as familias que sen ser de infantil se matricula por primeira vez no centro: Presentación do seu grupo de compañeiros, dos seus profesores. Percorrido polo colexio acompañado do titor e os compañeiros para coñecer o centro e aos demais. Entrega dun exemplar da revista escolar Outeiro na que se recollen as experiencias máis salientables do curso, os recursos, novidades e proxectos desenvolvidos.

- ✓ Dase a coñecer a páxina web do centro, unha fiestra aberta á quen a visite, e unha canle de comunicación para como a través do traballo do día a día a convivencia e a resolución de conflitos a través do diálogo é unha prioridade.

Programas para a adquisición de habilidades de interacción social:

- Educación Infantil e Primaria: amabilidade, agradecemento, ofrecer axuda, dar as grazas polos favores, prestar as cousas, pedir perdón, aprender a contestar ben....
- Programa para desenvolver as Habilidades Sociais “Decide tú II” co alumnado de 5º e 6º curso de Educación Primaria.
 - Programas de educación emocional.
 - Programas de resolución pacífica de conflitos.
 - Escola de mediadores.
 - Plan para aprender a dialogar.
 - Programa para aprender a facer amigos.

Actividades para a sensibilización fronte ao acoso. Art. 22

A inicio de curso, cada titor da a coñecer aos eu grupo as normas de convivencia, que despois elaboran entre tod@s e colocan nun lugar visible na aula.

- ✓ Consensuar democráticamente normas de clase e as consecuencias do seu incumprimento.
- ✓ Elaboración en cada clase das normas que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro. Serán poucas, claras, redactadas en 1ª persoa do plural e controlables (avaliables).
- ✓ Consensuar e coñecer as accións reparadoras. Han de estar relacionadas coa falta e ser proporcionadas. Han de ser reparadoras e próximas no tempo.
- ✓ Comunicación aos pais de cada titoría das devanditas normas.

- ✓ Traballar na titoría a forma de proceder para evitar que se dé maltrato, acoso e intimidación entre iguais de maneira especial no terceiro ciclo de primaria.
- ✓ Traballar cos pais, mediante unha charla de formación, onde se incida nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.
- ✓ Traballarase en cada titoría, sempre que se considere oportuno a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- ✓ Fomentaranse os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.
- ✓ Dispoñerase un lugar de consenso para que varios alumnos poidan poñerse de acordo no caso xurdir un conflito.
- ✓ Actividades xerais que fomenten a cultura da Paz, non a violencia, tolerancia...dirixidas á comunidade educativa: Os festivais de Nadal e Letras Galegas, nos que se poñen en xogo a corresponsabilidade, a tolerancia, a colaboración e a aportación de tod@s. Nas representacións de teatro acostúmanse a reflexar o cultivo destes valores.
- ✓ As mochilas viaxeiras que funcionan en todos os cursos dende o segundo trimestre. Contan con materiais para traballar e previr o maltrato entre iguais, a violencia..e libros nos que están presentes os valores.
- ✓ Organización de eventos como a cea cada dous cursos para recaudar fondos para a excursión do grupo de 5º e 6º. Na organización colaboran as familias de 5º e 6º, xunto co persoal de cociña e o profesorado do centro. Acoden a maioría das familias o que supón un traballo de equipo e unha convivencia.
- ✓ Promover unha comunicación fluida entre o centro e as organizacións representativas dos pais, así como entre titores e familias por medio de reunións tanto persoais como colectivas.

Medidas organizativas:

Contamos con catro grupos: un de infantil e tres de primaria que agrupa o alumnado de 1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º. Naqueles grupos nos que se atopa alumnado susceptible de xerar conflitividade, ou alumnado de NEAE procuramos desdobrar nas materias instrumentais como lingua castelá, matemáticas, galego ou lingua inglesa. Estas decisións tómanse do consenso do Claustro, e contando co informe de orientación e coa previsión de necesidades que se van detectando.

Cada inicio de curso establécense as prioridades, e analízanse as propostas de mellora do curso anterior que marcarán as pautas do curso seguinte.

No reparto de responsabilidades ou materias a impartir para equilibrar os horarios, ou realizar os desdobres, procúrase que cada mestre se atope no seu punto forte que será un punto favorable para crear un bo clima na aula.

A biblioteca do centro é un recurso importante no centro. Cada curso conta cunha hora dentro do horario, para garantir o seu uso sen atrancos. Independentemente desta hora, adicada ao préstamo e fomento da lectura, os mestres poden facer uso dela sempre que o estimen oportuno se está libre. Na biblioteca hai unha ampla colección con fondos que abordan esta temática tanto en papel como audiovisual.

As entradas e as Saídas: Cada día haberá dous mestres de garda dende a chegada do transporte escolar a partires das 9:20, na que recollen ao alumnado, fan gardas do recreo e a saída do centro ata o transporte escolar. O profesorado de garda será o responsable de calquera incidencia do alumnado que teña lugar entre as 9:20 e as 9:30. A partir de esa hora, o titor/a ou profesorado especialista que corresponda farase cargo do alumnado.

1. Ata que toque o timbre os alumn@s permanecerán na zona da entrada, acompañados polos dous mestres que se atopan de garda ese día. Os alumnos/as poderán facer uso dos servizos da planta baixa do edificio sen entrar nas aulas. Unha vez que toque o timbre un dos mestres de garda, formarán filas por cursos e accederán ordenadamente ás aulas acompañados dende o Hall da entrada polo profesor co que teñen clase nese

momento. En ningún momento deberán andar polos corredores, nin estar sós nas aulas. Todas as entradas se farán ao longo do día deste xeito.

2. As saídas das aulas tamén se farán sempre en orde, acompañados polos mestres cos que teñen clase nese momento que acompañarán ao grupo ata que se fagan cargo os profesores de garda.
3. Nos cambios de clase deberá haber coordinación entre os mestres respectivos para que se fagan en orde, sen molestar os resto das aulas e coa finalidade de que non queden sós nas aulas, nin nos corredores.
4. Durante a xornada lectiva ninguén poderá sair do centro sen comunicalo. Ninguén alleo ao Centro pode permanecer inxustificadamente nas súas instalacións, salvo cando teña que entrevistarse cun mestre, titor ou algún dos cargos directivos do Centro, ou nos períodos de adaptación establecidos para o novo alumnado.
5. O retraso na entrada ás aulas altera o normal desenvolvemento da actividade escolar. Cando un alumno/a chegue tarde, permitiráselle a súa entrada no centro en casos debidamente xustificados polo membro da familia que o acompaña ante a dirección ou o profesor que se atope de garda, que serán os encargados de levar ao alumno a súa clase.

Órganos de coordinación: O Equipo de Activ. Compl. E Extraescolares, DLG, CCP, funcionan a nivel de Claustro, o que facilita o consenso, coordinación e implicación directa de todo o profesorado. Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán os responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. Estas medidas e acordos serán recollidas pola CCP. E incluíranse nos documentos institucionais do centro para asegurar a coherencia destes co PE e a PXA.

Formación do profesorado: Consideramos de vital importancia previr para disminuir na medida do posible a conflitividade no centro, así como contar cos recursos e a formación necesaria cando xurden para xestionar e resolver os conflitos eficazmente. É por isto que priorizamos contar con formación para ofrecer

ao noso alumnado o contexto educativo que favorece: o lugar axeitado para a construción das aprendizaxes, a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto, a xustiza o esforzo...que aseguren unha educación de calidade con equidade.

Outras actividades dirixidas ao alumnado: As actividades conmemorativas, as saídas, as celebracións, os festivais que caracterizan o noso centro, son oportunidades inmejorables para compartir momentos coa comunidade educativa e para traballar a corresponsabilidade, a autonomía, colaborar nun traballo en equipo, e polo tanto respetar normas.

Trabállanse habilidades sociais, na aula de 5º e 6º unha vez detectadas necesidades neste campo por parte dalgún alumnado.

O alumnado de 6º colabora nas tarefas de organización da biblioteca escolar convertíndose en biblioaxudantes. Ás veces preparan sesións de contacontos para os máis pequenos

Na biblioteca escolar contamos cunha boa colección de lecturas que traballan valores en especial a Paz, a convivencia, o coidado do medio ambiente, a inclusión, o respecto á diversidade, a multiculturalidade, a igualdade....

Organización de debates, sobre diversidade de temas: o medio ambiente, os problemas doutros nenos do mundo, os incendios forestais...

- Dar cabida nas actividades de aula ao tratamento transversal das emocións como a escoita activa, a empatía e asertividade.
- Incluir nas programacións medidas e actividades de atención á diversidade e de traballo en grupo, que propicien a participación e a cooperación.
- Crear o recuncho de mediación no centro. O alumnado de 6º, despois dunha pequena formación acerca de cómo funciona o recuncho, actuará como mediador ante situacións de conflito leves.

Programas: Participamos en diversos programas que educan para previr situacións de acoso ou que fomentan o respecto as normas, a cooperación, a axuda, aprender a vivir convivindo.

- ✓ Navega con rumbo
- ✓ Plan Director para a Convivencia
- ✓ Programa Voz Natura
- ✓ Plan Proxecta
- ✓ Plan Mellora de Bibliotecas Escolares.
Radio na biblio

7. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR 8Art.30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño)

En relación á prevención inclúense as sinaladas no punto anterior.

Ante unha posible situación de acoso ou situacións de falta de respecto reiterativas ou de orde poranse en marcha os mecanismos que nos axuden a coñecer a orixe ou causa desa situación a vez que se elaborará un plan de reforzo para erradicar este tipo de condutas. Esta situación porase en coñecemento da familia para que colabore e coñeza a situación.

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación por calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, sobre unha posible situación de acoso escolar.

A dirección:

- establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima.
- designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro.
- poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, transmitindo tranquilidade e buscando a colaboración das familias.

- designará, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, unha persoa responsable das averiguacións previas
- poderá requirir, se o considera necesario, a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

2ª fase: Recollida e rexistro da información

- Entrevista individual coa posible vítima
- Entrevista cos presuntos responsables
- Entrevista coas persoas observadoras
- Entrevista coas persoas implicadas
- Solicitud de asesoramento ou apoio: Departamento de Orientación ou outros profesionais

Terceira fase. Análise de información e adopción de medidas.

Se se conclúe que non hai acoso, adopción de medidas de prevención.

Se se conclúe que hai acoso, instrución de expediente disciplinario

Adopción de medidas:

De protección á presunta vítima

Intervención

- Actuacións respecto do agredido
 - Recabar apoio social por parte dos compañeiros.
 - Protección ante novas posibles agresións.
 - Informar á familia das medidas adoptadas.

- Actuacións respecto do agresor
 - Informalo da gravidade da conducta e das consecuencias.
 - Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/a unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso

 - Recabar por medios non coercitivos o cese inmediato do acoso e o compromiso de cambio de comportamento.

 - Ofrecerlle axuda e soporte para que o cambio sexa efectivo.
 - Informar á familia e solicitar a súa colaboración.

- Actuacións respecto dos espectadores

Outras medidas: (co grupo clase, co alumnado observador, coas familias, co equipo docente,...)

- Entrevista individual dirixida a evitar o colaboracionismo e o silencio

- Actuacións respecto do centro

- Intensificar a vixilancia nas zonas de risco: patio, aseos, corredores,...

- Abordar o tema nas clases cun carácter sensibilizador diante da violencia, poñendo de manifesto a necesidade de denunciar este tipo de accións.

As medidas correctoras serán proporcionais ás faltas cometidas. Terán carácter educativo e recuperador garantindo o respecto aos dereitos do alumnado e favorecerán as relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Análise de información:

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de consecución, segundo a temporalización.

8.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES. *Lei 4/2011 do 30 de xuño*

- O respecto á integridade física e moral e os bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas que se relacionan co centro na realización de actividades ou servizos.
- A puntualidade, atención nas clases e seguir as orientacións dos mestres.
- O axeitado emprego do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro.
- O cumprimento das normas establecidas democráticamente polo centro e nas aulas.

1. Dereitos das nais e pais ou as titoras ou titores,

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou titorandos para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que para convivencia do centro.
- A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Deberes:

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
- Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos e deberes do alumnado.

Dereitos do alumnado

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Deberes do alumnado

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

- Respetar o profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro..
- A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación: as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar e cumprir as normas de organización, convivencia e disciplina establecidas no centro.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- A corrección no trato social, utilizando unha linguaxe correcta e educada.
- O interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
- O respecto polo traballo e función de todos os membros.
- A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.
- A boa fe e lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- O coidado no aseo e imaxe persoal.
- A actitude positiva ante avisos e correccións.

Dereitos e deberes do profesorado.

Dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes do profesorado:

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa.

- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Estas normas de convivencia e conduta serán de obrigado cumprimento xa que recollen os dereitos e deberes dos sectores da comunidade educativa.

Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra calquera membro da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais do centro: Os libros do préstamo de gratuidade, o material da biblioteca, os equipamentos informáticos e o software.
- A substracción de bens ou materiais do centro, aos compañeiros ou de calquera membro da comunidade educativa ou de terceiros

- Os actos inxustificados que perturban gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas. Traer tabaco, fumar ou outras substancias perxudiciais para a saúde o prohibido a manipulación e venta a menores.
- Portar calquera obxecto, ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
- A resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras. Principios

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

Garantiráselle ao alumnado vítima dalgunha situación de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Para o caso do noso alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten.

Artigo 39. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.

- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.. Esta medida é extraordinaria. Debe contar coa autorización da Xefa Territorial. Pode aplicarse cando haxa un centro do mesmo tipo na zona.

Artigo 42. Condutas leves contrarias á convivencia

- As agresións, injurias ou ofensas, os actos de discriminación, os actos de indisciplina da alínea, os danos da alínea, os actos inxustificadas e as actuacións que non alcancen a gravidade do sinalado nas condutas tipificadas como graves.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia .
- A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- As conductas que interrompan o desenvolvemento normal das clases.

- Traer xoguetes ao centro a non ser que algún profesor o permita ou o requira para algunha actividade.
- Traer móvil ao colexio, cámaras de fotos ou de grabación sen autorización do profesor.
- Non acudir á fila cando soe o timbre.
- Non recoller o material usado nos periodos de lecer ou non facer un uso correcto del.

Decreto 8/2005 do 8 de xaneiro Artigo 43. Medidas correctoras

- Amonestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a dirección.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Decreto 8/2005 do 8 de xaneiro Artigo 44. Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á direcció no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á dirección, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

A comisión de Convivencia

A composición axustarase ao recollido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015. Integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes dos distintos sectores da comunidade educativa. Serán nomeados pola directora a proposta dos distintos colectivos. Os seus membros non teñen que coincidir necesariamente cos do Consello Escolar.

- Directora: Adoración Fernández González
- Mestre: Óscar Gallardo Amiama
- Representante familias: Lidia gonzález Cortiñas

Poderá solicitar o asesoramento do profesorado do departamento de orientación, do profesorado implicado ou doutros profesionais segundo a problemática que se trate. Art. 6.5 do Decreto 8/2015)

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar .

Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- Facer propostas para a elaboración do plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Est e informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia

9.- ACTUACIÓN ANTE DIFERENTES CONFLICTOS.

Enténdese aquí por conflito o que se produce nas relacións sociais entre dúas ou máis persoas ou grupos que chocan entre si, ben por perseguir obxectivos incompatibles ou ben por contraposición de opinións, valores ou crenzas.

Os conflitos entre alumnos abordaranse en canto xurdan ou se detecten, evitando a escalada dos mesmos e o seu enquistamento.

- Un profesor ou alumno entrenado reunirse con cada unha das partes enfrontadas por separado coa finalidade de coñecer a súa disposición para chegar a un acordo e explicarlles as regras do proceso: o profesor/alumno actúa como testigo e moderador, dispoñer de igual cantidade de tempo para intervir sin interrupcións, expoñer o seu punto de vista e propoñer solucións ou alternativas, compromiso de respetar o pactado.
- Acoden ao recuncho de mediación.
- Convoca as partes coa finalidade de chegar a un acordo, que se recollerá no caderno de mediación onde figura a data, o problema e o acordó.

Criterios de actuación respecto das alteracións conductuais e da convivencia:

As alteracións da convivencia darán lugar á aplicación de medidas correctoras, valorando as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno. Estarán orientadas á modificación da conducta e terán un carácter positivo e de mellora do proceso educativo. Serán proporcionadas á gravidade do incumprimento das normas. Todas as actuacións sancionadoras respetarán os dereitos básicos do alumno á escolarización e á educación así como á súa integridade física e dignidade persoal.

Procedemento de actuación

- As alteracións continuadas do comportamento e da convivencia conlevarán unha análise das posibles causas por parte do equipo docente do alumno e, se é o caso, do Departamento de Orientación, a partir da información sobre as súas circunstancias persoais, proceso de ensino-aprendizaxe e situación familiar e socioambiental.
- Adopción de medidas reparadoras e/ou correctivas, segundo as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
- Determinación das medidas de intervención a emprender, dirixidas a superación das alteracións conductuais.

Intervención

- Actuacións respecto do alumno.
 - Establecer un plan de actuación para a modificación da conducta no que se contemplan unha selección dos obxectivos de conducta que se pretenden, se concrete a metodoloxía e as técnicas a aplicar así como a temporalización e profesorado responsable.
 - Informar á familia do alumno das medidas adoptadas e recabar un “compromiso de convivencia” centrado na colaboración co centro para a modificación da conducta, seguimento dos cambios que se produzan e establecemento de reunións periódicas co tutor.

- Actuacións respecto do centro.

- Valorar a necesidade de medidas de apoio escolar para o alumno.
- Orientar as dinámicas de aula cara unha maior participación.
- Considerar a aceptación ou rechazo do alumno por parte dos compañeiros e promover actividades de desenvolvemento de habilidades prosociais, de integración e cohesión grupal.

- Actuación respecto da familia.

Facilitarlle orientacións e pautas para unha acción coherente e coordinada co centro.

8.- AVALIACIÓN

O Plan de Convivencia terá un seguimento continuo, empregando a observación, o intercambio de informacións entre os distintos membros da comunidade educativa e os documentos das intervencións realizadas.

A avaliación respecto do logro dos obxectivos previstos e das actuacións acometidas atenderá aos seguintes indicadores:

- Efectividade e nivel de desenvolvemento das actuacións propostas.
- Gravedade dos incidentes xurdidos no centro.
- Implicación dos distintos sectores da comunidade educativa na prevención, detección e resolución das posibles alteracións da convivencia.

Levaremos a cabo a avaliación inicial, detectando posibles focos de conflitos e realizando a acción preventiva e tamén realizaremos unha avaliación continua e sumativa e que temporalizamos no seguinte cadro:

TEMPORALIZACIÓN

Nivel de consecución dos obxectivos propostos

Trimestral

Grao de participación dos diferentes componentes da comunidade educativa.

Anual

Análise dos problemas detectados e das actuacións levadas a cabo.

Trimestral

Valoración dos resultados.

Anual

Propostas de continuidade e de mellora.

Anual

Cos datos recabados o Consello para a convivencia escolar do Centro elaborará o informe anual que servirá de referencia para a introducción de novas actuacións ou modificación e mellora das xa emprendidas.

Pobra do Brollón, 29 de xaneiro de 2018

A DIRECTORA:

Asdo. Adoración Fernández González

